



Estudo do sector industrial de Santiago de Compostela









Estudo do sector industrial de Santiago de Compostela



Estudo do sector industrial de Santiago de Compostela



6

Elaboración:

Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago de Compostela

Teléfono:

981 542 493

Dispoñíbel:

www.maiscompostela.org

Páxina web:

www.maiscompostela.org

email:

promocioneconomica@santiagodecompostela.org

Deseño e maquetación:

ocumodeseño

Fotomecánica e impresión:

Litonor

Depósito Legal: C 4295-2008



Presentámoslle o *Estudo do sector industrial de Santiago de Compostela*. Enmarcado na Rede de Cooperación Local, elaborouse co obxectivo de obter información precisa sobre o tecido produtivo do Concello de Santiago, definindo o mapa industrial de Compostela, os perfís profesionais demandados polo sector e as características básicas do territorio empresarial.

Esta publicación é un resumo do *Estudo sobre o sector industrial, os procesos de producción e o uso das Tics por parte das empresas do Polígono Industrial do Tambre*, realizado por Gabinete de Estudios Expertas e do *Mapa Competencial e de perfís profesionais do concello de Santiago e a identificación das súas necesidades formativas*, elaborado pola Fundación para la Formación Técnica en Máquina Herramienta.

7

Ambos estudos, nos que colaboraron a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia da Consellería de Industria e a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Tambre, inclúen unha completa cartografía e unha diagnose da oferta formativa que existe actualmente e da que demandan as empresas.

A publicación, cofinanciada pola Obra Social Caixa Galicia, estrutúrase en cinco capítulos. No primeiro analízanse as empresas por actividade, número, tamaño, localización, emprego xerado, importacións e exportacións, etc. O segundo capítulo adícase aos problemas que presenta o tecido empresarial compostelá, e o terceiro as perspectivas de futuro. Os capítulos catro e cinco fan referencia aos perfís profesionais demandados polas industrias e as accións formativas identificadas. En conxunto, o *Estudo do sector industrial de Santiago de Compostela* ofrece unha radiografía do tecido empresarial compostelá que nos permite coñecer os procesos de producción e o uso das tecnoloxías da información nas empresas situadas en Santiago. Tamén identifica ás empresas de servizos que nutren ás industrias en algunha fase do proceso produtivo e as novas oportunidades de investimento no sector secundario.

XOSÉ MANUEL IGLESIAS IGLESIAS

Concelleiro de Promoción Económica



 OBRA SOCIAL CAIXA GALICIA

A Obra Social Caixa Galicia desenvolve diversos programas nos ámbitos social, cultural, ambiental e de fomento dos sectores produtivos.

Entre estes últimos, destacan os encamiñados por unha banda, á dinamización do tecido empresarial da nosa Comunidade Autónoma e por outra, ao fortalecemento do desenvolvemento económico nas áreas deprimidas.

Todo iso a través de axudas especialmente dirixidas ás diversas entidades que favorecen o desenvolvemento empresarial e a creación de riqueza e emprego: Asociacións de empresarios, de cooperativas, de centros especiais de emprego, de traballadores autónomos, así como as súas correspondentes Federacións e Confederacións, Clústers sectoriais, denominación de orixe, cámaras de comercio, etc...

Obra Social Caixa Galicia tamén colabora con entidades públicas autonómicas e locais para estos mesmos fins.

A través destes proxectos xéranse novas oportunidades para os diversos sectores empresariais, créanse foros para encontros e intercambios así como para un mellor coñecemento da contorna e do mercado promocionando e formando ao capital humano da empresa.

É por isto, unha vez máis, que Obra Social Caixa Galicia, consciente da súa responsabilidade coa sociedade e co sector industrial da nosa Comunidade colabora con estudos de índole como o que aquí presentamos.

OBRA SOCIAL DE CAIXA GALICIA



A pesar dos lugares comuns tan extendidos sobre a nosa realidade, a industria forma parte esencial do presente e o futuro de Galiza. Importantes foron os esforzos dos emprendedores que, nun pasado con dificultades e condicións adversas, foron capaces de levar adiante notábeis iniciativas industriais, de forma que o tecido económico galego, a pesar das carencias, nunca foi un deserto manufactureiro. Así, nestes últimos anos, froito desa herdanza e dun novo impulso de modernización e de adecuación ás exixencias dunha sociedade avanzada, a industria conseguiu desempeñar un papel protagonista, convertíndose en motor de crecemento e desenvolvemento para Galiza.

Hoxe en día, próximos xa a rematar a primeira década do século XXI e immersos nunha época de vertiginosos cambios a nivel global, o sector industrial configúrase como esencial para poder desempeñar un papel propio como sociedade nos novos escenarios que se perfilan. Máis que nunca integrado cos outros sectores da economía, en especial cos servizos, a industria é xeradora de alto valor engadido, é impulsora de dinamismo, innovación e desenvolvemento tecnolóxico en todo o tecido empresarial, e é vehículo indispensábel para a consolidación da sociedade da información e o coñecemento. É polo tanto un dos peares estratégicos nos que debe basearse a consolidación dun tecido económico forte e dinámico.

Santiago de Compostela non necesita presentación como cidade dunha persoalidade extraordinaria, cun patrimonio monumental e cultural recoñecido como Patrimonio Cultural da Humanidade pola UNESCO e cunha forte impronta universitaria. Pero ademais, Santiago presenta unha serie de potencialidades e oportunidades que deben ser estratégicas para o seu desenvolvemento industrial e económico, como son o seu capital humano e tecnolóxico, as súas infraestruturas e o seu dinamismo produtivo, sendo neste sentido a terceira cidade galega que máis valor engadido empresarial xera. Aproveitar estes factores en toda a súa dimensión é unha importante oportunidade para construir unha base produtiva sólida e sustentábel que garanta unha sociedade próspera e equilibrada, no beneficio dos composteláns e de todos os gallegos.

Neste esforzo, a Consellería de Innovación e Industria quixo colaborar xunto coa Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia dela dependente na elaboración do *Estudo do sector industrial de Santiago de Compostela* que aquí presentamos, co obxectivo de aprofundar no coñecemento da realidade da industria compostelana e proporcionar ferramentas que permitan aos empresarios, ás administracións e aos demais axentes interesados orientar e precisar as súas actuacións. Neste sentido, non dubidamos de que este mapa industrial será un instrumento de traballo interesante e útil.

MARÍA HELENA VEIGUELA MARTÍNEZ
Directora Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da
Información da Consellería de Innovación e Industria





Índice

1 Radiografía das empresas do sector industrial e do sector da comunicación e o audiovisual	13
1.1 Análise das empresas por: actividade, establecementos, número, tamaño, localización, réxime de tenza, ano de inicio da actividade, participacións en capital social, pertenza a un grupo empresarial, cifra de negocio, actividades de I+D+I e uso das TICs.....	13
1.2 Emprego xerado	18
1.3 Provedores/clientes, actividades de importación e exportación e procesos de subcontratación.....	21
2 Problemas que presenta o tecido empresarial compostelán.....	29
3 Perspectivas de futuro	31
4 Perfís críticos e mapa de competencias por sectores	37
4.1 Automoción, metal-mecánico, artes gráficas, servizos, madeira, electrocomunicación, audiovisual, construcción metálica, comercial.....	37
5 Accións formativas identificadas.....	61

11





1. Radiografía das empresas do sector industrial e do sector da comunicación e do audiovisual

1.1 Análise das empresas

Para obter esta análise, realizouse unha enquisa entre as distintas empresas compostelás. O universo obxecto de estudo constituírono as empresas do sector industrial e do sector da comunicación e do audiovisual que presentaban forma xurídica societaria. Segundo fontes do Instituto Galego de Estatística (IGE) o número de empresas ascendía a 473 no ano 2003. Este dato foi revisado e actualizado coa elaboración dunha base de datos propia, froito da suma das distintas bases de datos existentes (IGE, Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, e-informa, CIRCE etc.).

Os datos actualizados deron como resultado 294 empresas. No estudo colaboraron 184. Os datos analizados son os que nos proporcionaron estas empresas.

Cadro 1: Número de empresas do universo segundo a actividade

Actividade	Número de empresas
(1) Enerxía e auga	20
(2) Extracción e transformación de minerais non enerxéticos e produtos derivados, industria química	18
(3) Industrias transformadoras dos metais, mecánica de precisión	80
(4) Outras industrias manufactureiras	135
(7) Outras industrias manufactureiras	2
(9) Outros servizos	32
Empresas que variaron a súa actividade	7
Total de empresas	294

Fonte: elaboración propia

Segundo as empresas enquisadas, a maior concentración industrial localízase, cun 24,50%, na (47) *Industria de papel e fabricación de artigos de papel, artes gráficas e edición*. A continuación sitúanse as empresas de (31) *Fabricación de produtos metálicos (salvo máquinas e material de transporte)* cun 19%. As industrias que menos representación teñen no tecido empresarial compostelán son as de (16) *Captación, tratamiento e distribución de auga e fabricación de xeo*, (76) *Telecomunicacións*, (43) *Industria téxtil* e (85) *Alugueiro de bens mobles*, cun 0,50% cada unha delas.



Cadro 2: Distribución das empresas industriais e de comunicación e audiovisual en Santiago de Compostela segundo a súa actividade

Actividade	Número	Porcentaxe	% acumulado
(15) Producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	4	2,2	2,2
(16) Captación, tratamiento e distribución de auga e fabricación de xeo	1	0,5	2,7
(23) Extracción de minerais non metálicos	2	1,1	3,8
(24) Industrias de produtos minerais non metálicos	9	4,9	8,7
(25) Industria química	3	1,6	10,3
(31) Fabricación de produtos metálicos (excepto máquinas e material de transporte)	35	19,0	29,3
(32) Construcción de maquinaria e equipamento mecánico	4	2,2	31,5
(33) Construcción de máquinas de oficina e ordenadores (incluída a súa instalación)	3	1,6	33,2
(35) Fabricación de material electrónico (excepto ordenadores)	2	1,1	34,2
(36) Construcción de vehículos automóbiles e as súas pezas de repuestos	2	1,1	35,3
(39) Fabricación de instrumentos de precisión, óptica e similares	3	1,6	37,0
(41) Industrias de produtos alimenticios e bebidas	17	9,2	46,2
(42) Industrias doutros produtos alimenticios, bebidas e tabacos	2	1,1	47,3
(43) Industria téxtil	1	0,5	47,8
(44) Industria do coiro	2	1,1	48,9
(45) Industria do calzado e vestido e outras confeccións téxtils	10	5,4	54,3
(46) Industrias da madeira, cortiza e mobles de madeira	12	6,5	60,9
(47) Industria de papel e fabricación de artigos de papel; artes gráficas e edición	45	24,5	85,3
(48) Industrias de transformación da cortiza e materias plásticas	2	1,1	86,4
(49) Outras industrias manufactureiras	5	2,7	89,1
(76) Telecomunicacións	1	0,5	89,7
(85) Alugueiro de bens mobles	1	0,5	90,2
(96) Servizos recreativos e culturais	18	9,8	100,0
Total	184	100,0	100,0

Fonnte: elaboración propia

Tamaño

Existe un predominio claro da pequena empresa sobre a mediana e grande empreSA Os datos reflecten que tres cuartas partes das empresas teñen un único centro de actividade e o 60,62% dos establecementos non superan os 500 m². Só un 6,87% dos establecementos ocupan máis de 3.000 m². O 15,4% das empresas posúen dous establecementos.

Desagregados por actividade, os sectores industriais que ocupan un maior número de metros cadrados son os das (41) *Industrias de produtos alimenticios e bebidas*, (47) *Industria do papel e fabricación de artigos de papel; artes gráficas e edición*, (24) *Industrias de produtos minerais non*

metálicos, (16) Captación, tratamiento e distribución de auga e fabricación de xeo e a (46) Industria da madeira. Pola contra, as empresas que ocupan unha menor superficie son as de (96) Servizos recreativos e culturais.

Localización das empresas

O 83,06% das empresas só teñen establecementos en Santiago de Compostela e non dispoñen doutras sedes fóra do concello.

Un 7,22% dispón de establecementos noutras provincias de Galiza. Os principais motivos que argumentan para buscar outras localizacións dentro da nosa comunidade foron a busca de clientela potencial ou o emprazamento da súa sede nese lugar.


Un 5,4% teñen establecementos noutras comunidades. Os motivos que alegan son: chegar a un maior número de clientela potencial, para lograr así unha expansión no mercado e tamén atopar unha menor competencia.

Un 2,16% das empresas enquisadas admitiron ter sedes noutros países da Unión Europea ou do resto do mundo, co obxectivo de ampliar alí o mercado.

Os principais motivos que influíron no empresariado para establecerse en Santiago de Compostela foron as características do mercado, seguidos da vinculación que tiñan previamente co concello.

Gráfico 1: Principais motivos polos que as empresas se localizan en Santiago de Compostela

15



Principais motivos polos que as empresas se ubicaron en Santiago de Compostela



Réxime de tenza

As porcentaxes están moi igualadas. Un 48,27% das empresas están localizadas en establecementos en propiedade e un 45,97% están en réxime de arrendamento.

Inicio de actividade

Preto dun 40% das empresas iniciaron a súa actividade no concello de Santiago de Compostela antes da década dos noventa. Destas, dúas constituíronse no século XIX co desenvolvemento de actividades de producción relacionadas coa alimentación e as bebidas.


Grupos empresariais

Os sectores industrial e o da comunicación e do audiovisual que se asentan en Santiago de Compostela non se caracterizan por ter un elevado número de empresas que pertenzan a un grupo empresarial.

Só un 16,84% das empresas se benefician das vantaxes de pertencer a un grupo empresarial: vantaxes como o fomento de colaborar entre empresas á hora de perseguir intereses compartidos para lograr mellores acordos con provedores, comerciantes por xunto etc; dispor dun maior número de departamentos propios, o que aforra gastos á hora de externalización; e dispor de profesionais nos campos necesarios para un mellor desenvolvemento do negocio.

16

Gráfico 2: Porcentaxe de empresas segundo pertenzan ou non a un grupo empresarial



Fonte: elaboración propia.




Radiografía das empresas do sector industrial e do sector da comunicación e do audiovisual

Capital social

Das empresas enquisadas, só un 10,32% teñen participacións doutras no seu capital social. Na maioria destas empresas esa participación é inferior ao 25%. No lado contrario están un 25% de empresas que contan cunha participación no seu capital social por parte doutras firmas superior ao 75%.

A meirande parte das empresas participadas no seu capital social dedícanse á (31) *Fabricación de produtos metálicos (excepto máquinas e material de transporte)*. A continuación, sitúase a (47) *Industria do papel e fabricación de artigos de papel, artes gráficas e edición*. En terceiro lugar están as empresas dedicadas a (96) *Servizos recreativos e culturais* e á industria de (15) *Producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, vapor e auga quente*.

Gráfico 3: Porcentaxe de participación no capital social por parte doutras empresas



Fonte: elaboración propia

Facturación


A facturación das empresas compostelás está ligada, na meirande parte dos casos, ao tipo de empresas con máis presenza no concello: pequenas e medianas empresas. O 41,98% das empresas facturan menos de 600.000 euros anuais. Un 35,87% facturan entre 1.000.001 euros e 8.000.000 de euros anuais e un 4,59% facturan máis de 8.000.000 euros anuais.



1.2 Emprego xerado polo sector industrial e polas empresas da comunicación e do audiovisual no concello de Santiago de Compostela

O emprego xerado polas empresas enquisadas, se temos en conta o cadro de persoal propio, ascende a 3.479 persoas. Divididas por sectores, ao industrial corresponderíanlle 3.250 persoas e ás empresas da comunicación e do audiovisual 229 persoas. Mais da metade das empresas de Compostela teñen menos de 10 persoas no seu cadro de persoal. Así pois, a microempresa é a empresa tipo. En orde de importancia, seguea a mediana empreSA A grande empresa é apenas significativa.

Gráfico 4: Tamaño das empresas segundo o número de persoal



Fonte: elaboración propia

Na meirande parte dos casos a análise dos datos reflicte que o emprego xerado nas empresas enquisadas é un emprego estable. Tan só un 35,03% das empresas afirmou contar con persoal contratado de maneira temporal, fronte a un 95% que asegurou ter contratos indefinidos entre o seu cadro de persoal. Se desagregamos os datos segundo a variante de sexo, observamos que segue a ser prioritaria a presenza dos homes en calquera das modalidades de contratación. É dicir, constátase que existe segregación horizontal.



Cadro 3: Distribución do persoal polo tamaño das empresas segundo a actividade

Actividade empresarial	Até 10	De 10 a 49	De 50 a 249	250 e máis	% de empresas
(15) Produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	3	1	0	0	2, 2
(16) Captación, tratamiento e distribución de auga e fabricación de xeo	0	0	0	1	0, 55
(23) Extracción de minerais non metálicos	1	1	0	0	1, 1
(24) Industrias de produtos minerais non metálicos	6	2	1	0	4, 97
(25) Industria química	1	2	0	0	1, 65
(31) Fabricación de produtos metálicos (excepto máquinas e material de transporte)	16	16	0	0	17, 67
(32) Construcción de maquinaria e equipamento mecánico	1	3	0	0	2, 2
(33) Construcción de máquinas de oficina e ordenadores (incluída a súa instalación)	3	0	0	0	1, 65
(35) Fabricación de material electrónico (excepto ordenadores)	2	0	0	0	1, 1
(36) Construcción de vehículos automóbiles e as súas pezas de repuestos	1	1	0	0	1, 1
(39) Fabricación de instrumentos de precisión, óptica e similares	3	0	0	0	1, 65
(41) Industrias de produtos alimenticios e bebidas	9	7	1	0	9, 39
(42) Industrias doutros produtos alimenticios, bebidas e tabacos	1	1	0	0	1, 1
(43) Industria téxtil	0	1	0	0	0, 55
(44) Industria do coiro	2	0	0	0	1, 1
(45) Industria do calzado e vestido e outras confecções téxtiles	7	2	1	0	5, 52
(46) Industrias da madeira, cortiza e mobles de madeira	7	4	0	1	6, 62
(47) Industria de papel e fabricación de artigos de papel; artes gráficas e edición	30	14	1	0	24, 86
(48) Industrias de transformación do caucho e materias plásticas	0	1	1	0	1, 1
(49) Outras industrias manufactureiras	5	0	0	0	2, 76
(76) Telecomunicacións	1	0	0	0	0, 55
(96) Servizos recreativos e culturais	10	6	1	2	10, 49
Número total de empresas	109	62	6	4	100, 0

Fonte: elaboración propia

A actividade empresarial que concentra un maior número de persoas empregadas é a (47) *Industria do papel e fabricación de artigos de papel; artes gráficas e edición* que agrupa un 24, 85% das traballadoras e dos traballadores. En segundo lugar sitúase a (31) *Fabricación de produtos metálicos (excepto máquinas e material de transporte)* e, en terceiro lugar, os (96) *Servizos recreativos e culturais*.



As actividades que menos persoal concentran son as da (16) *Industria de captación, tratamiento e distribución de auga e fabricación de xeo* cun 0, 55% e as (48) *Industrias de transformación da cortiza e materias plásticas*, (44) *Industria do coiro*, (42) *Industrias doutros produtos alimenticios, bebidas e tabaco*, (35) *Fabricación de material electrónico (excepto ordenadores)*, (23) *Extracción de minerais non metálicos* e (36) *Construcción de vehículos automóbiles e as súas pezas de repuestos*, cada unha cun 1, 1%.

Existe un 67, 2% de entidades que non traballan con cadro de persoal externo, é dicir, persoal que non figura en nómina. As empresas que contan con cadro de persoal externo representan un 24, 4%. A modalidade máis habitual é a vinculación mediante contratos mercantís (autónomos). Nesta modalidade o número de homes (24, 4%) duplica o de mulleres (11, 4%). A continuación están as persoas contratadas por medio de empresas de traballo temporal, modalidade presente no 3, 9% das empresas. Neste caso constátase que existe igualdade entre ambos sexos. En último lugar, cunha representatividade do 1, 7%, situáranse as empresas que teñen bolseiros e bolseiras vinculados. Nesta modalidade é superior o número de mulleres.

Se collemos como dato de referencia o número total de traballadores e traballadoras (tanto en nómina como externos), un dos obxectivos desta radiografía era analizar a súa distribución por departamentos dentro da empreSA. Isto presentaba dous problemas: na maioría das empresas non existían os departamentos contemplados no organigrama e, noutros casos, o persoal realizaba funcións polivalentes que poderían encadrarse dentro de distintos departamentos.

20

Os departamentos que se contemplaron dentro das empresas enquisadas foron: administración / contabilidade / finanzas, comercial / vendas / mercadotecnia, comunicación / relacóns públicas, enxeñaría, investigación e desenvolvemento, transporte e reparto, consultoría, informática, atención á clientela, calidade e producción. A estes cómple engadiríllas outros que nomearon as persoas enquisadas: dirección, servizos lingüísticos, creación, realización, edición, imaxe e son, taller, almacén, mantemento, métodos e tempos, instalación, limpeza etc.

O departamento que concentra un maior número de persoal é o de producción. Despois sitúanse o de administración / contabilidade / finanzas e, en terceiro lugar, o taller.

Cando facemos unha segregación por sexos obsérvanse diferenzas. En transporte e reparto o 97, 72% son homes. En producción os homes copan o 84, 51% dos postos. No departamento comercial / vendas / mercadotecnia a representación de homes é do 68, 67%. É similar a porcentaxe entre homes e mulleres no caso de administración / contabilidade / finanzas. E no departamento de atención á clientela as mulleres son maioría, cun 64, 44% de persoal feminino.

O 2, 3% dos cargos de dirección ocúpanos as mulleres, signo evidente de segregación vertical, directamente vinculado co teito de cristal. Esta cifra segue a tendencia do Estado español no ano 2005. Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), o número de mulleres con cargos de dirección ou de xerencia nas empresas non chega ao 3% nalgún dos sectores.

Tamén é interesante destacar que nos departamentos de mantemento, métodos e tempos, instalación, servizos lingüísticos, realización e limpeza das empresas enquisadas non atopamos homes



traballando. E no departamento de taller non atopamos mulleres. De todos os xeitos, estes departamentos non concentran a un gran número de persoas empregadas, a excepción do de taller.

1.3 Provedores / clientes, actividades de importación e exportación e procesos de subcontratación

As empresas enquisadas realizan un maior número de importacións que de exportacións, cun 29, 89% fronte a un 25, 54%.

Se facemos unha diferenciación por actividade e produto, as empresas en que as importacións teñen un maior peso son as que se corresponden coa actividade das (47) *Industrias do papel e fabricación de artigos de papel; artes gráficas e edición*. Sobre todo, importan pranchas, líquidos, aluminio, publicacións, maquinaria, papel e pasta de papel. En segundo lugar están as dedicadas á (31) *Fabricación de productos metálicos (excepto máquinas e material de transporte)*, que importan materias primas, papel, accesorios, pezas, aceiro, aluminio, cola, PVC e ferro. As empresas que se dedican a estas dúas actividades son as que abundan dentro do obxecto de estudio circunscrito a Santiago de Compostela.

Cadro 4: Porcentaxe de empresas que importan segundo a actividade por tipo de produtos ou servizos

Actividade empresarial	% de empresas que importan	Produtos / servizos
(24) Industrias de produtos minerais non metálicos	3, 63	Produtos químicos, materias primas
(25) Industria química	1, 81	Silicona e espuma de poliuretano
(31) Fabricación de produtos metálicos (excepto máquinas e material de transporte)	20, 00	Materias primas, papel, accesorios, pezas, aceiro, aluminio, cola, PVC e ferro
(32) Construcción de maquinaria e equipamento mecánico	3, 63	Motores, banda transportadora, maquinaria
(33) Construcción de máquinas de oficina e ordenadores (incluída a súa instalación)	3, 63	Banda e material informático
(35) Fabricación de material electrónico (excepto ordenadores)	1, 81	Material acústico de acondicionamento
(36) Construcción de vehículos automóbiles e as súas pezas de repositos	1, 81	Maquinaria
(39) Fabricación de instrumentos de precisión, óptica e similares	1, 81	Non contesta
(41) Industrias de produtos alimenticios e bebidas	12, 72	Aromas, faríña, materias primas e chocolates
(43) Industria téxtil	1, 81	Accesorios, materias téxtils e enerxía solar
(45) Industria do calzado e vestido e outras confeccións téxtils	9, 09	Roupa, embalaxes, materiais téxtils e pel
(46) Industrias da madeira, cortiza e mobles de madeira	3, 63	Madeira e maquinaria
(47) Industria de papel e fabricación de artigos de papel; artes gráficas e edición	20, 00	Pranchas, líquidos, aluminio, publicacións, maquinaria, papel e pasta de papel
(49) Outras industrias manufactureiras	1, 81	Embalaxes e maquinaria
(85) Alugueiro de bens mobles	1, 81	Non contesta
(96) Servizos recreativos e culturais	10, 90	Imaxes, música, información, maquinaria, espectáculos e grupos musicais




Fonte: elaboración propia

Clientela

A meirande parte da clientela das empresas compostelás localízase en Santiago de Compostela ou no resto de Galiza, áinda que tamén ten relevancia a clientela doutras comunidades. A menos abundante é a que se atopa noutros países. Só un 12,67% das empresas non teñen clientela en Santiago, e un 20,13% non a teñen noutras localidades de Galiza.

Gráfico 5: Porcentaxe de empresas que teñen clientela segundo a localización




Fonte: elaboración propia

Provedores

A distribución dos provedores presenta diferenzas significativas respecto da clientela. Os provedores composteláns ocupan o terceiro lugar. Por diante, sitúanse en primeiro lugar, os doutras comunidades, e en segundo lugar, os doutras localidades de Galiza. A porcentaxe de provedores doutros países tamén é destacábel, cun 21,80%.



Gráfico 6: Porcentaxe de empresas que teñen provedores nas distintas localizacións




Fonte: Elaboración propia

Os motivos polos que o empresariado traballan con provedores de fóra son diversos. O principal, admitido polo 80% das empresas, é que en Santiago non existen produtos do tipo que precisan. En segundo lugar, aínda que a moita distancia, están as empresas que buscan os seus provedores fóra do concello, por, segundo argumentan, teren prezos máis competitivos que os composteláns.

23

Gráfico 7: Motivos polos que as empresas traballan con provedores de fóra de Santiago de Compostela



Fonte: elaboración propia



Procesos de subcontratación

O 53,41% das empresas non contratan nin subcontratan ningunha fase produtiva. O 21,74%, si que o fan.

Entre as empresas que si contrata algunha das súas fases produtivas, un 80% non mantén réxime de exclusividade con ningunha das empresas subcontratistas. As subcontratacións adóitanse facer a empresas que fabrican produtos relacionados coa súa actividade principal ou que desenvolven a mesma actividade e/ou produto. É residual o número de empresas que modifigan a súa producción para satisfacer as necesidades do contratista. Para máis do 63% das empresas os ingresos por subcontratación supoñen menos do 30% dos seus ingresos con respecto ao total da súa producción.

Entre as empresas enquisadas, as que empregan en maior medida como recurso a externalización de fases produtivas son: (47) *Industria de papel e fabricación de artigos de papel; artes gráficas e edición*, (96) *Servizos recreativos e culturais* e (31) *Fabricación de produtos metálicos (excepto máquinas e material de transporte)*. Estas actividades son as que presentan unha maior diversidade de fases externalizadas.

Cadro 7: Fases produtivas que se subcontratan, ano de inicio e zona xeográfica segundo o Imposto de Actividades Económicas (IAE)

Actividade empresarial	% de empresas que participan en procesos de subcontratación	Fases produtivas que lle subcontratan	Ano de inicio	Zona xeográfica
(24) Industrias de produtos minerais non metálicos	10,97	Formigón,	1982	Santiago e arredores
		Movemento de terras, demolicións, transportes	1966	Galiza
		Colocación de pedra	1983	A Coruña e Lugo
		Elaboración de granito.	2006	O Porriño
(32) Construcción de maquinaria e equipamento mecánico	14,28	Mecanizado de chapa e tubo	1998	Galiza e Cataluña
		Mantemento	2002	Segundo localización
(35) Fabricación de material electrónico (excepto ordenadores)	3,7	Acondicionamento acústico	2005	Galiza
(36) Construcción de vehículos automóbiles e as súas pezas de repostos	7,14	Montaxe, mantemento	1998	Non sabe/non contesta
		Traballos de carrozaría	1985	Resto de Galiza
(44) Industrias do coiro	3,7	Secado de peles	2004	Negreira
(45) Industria do calzado e vestido e outras confeccións téxtils	18,25	Confección e instalación de toldos	2003	Santiago
		Confección de prendas téxtils	1994	País Vasco e Asturias
			2001	Santiago
			1997	Barcelona
(46) Industrias da madeira, cortiza e mobles de madeira	10,71	Traballos de carpintaría	1972	Santiago e arredores
			1990	A Coruña e Pontevedra
			1998	León
(85) Alugueiro de bens móbiles	3,7	Non sabe / Non contesta	Non sabe / Non contesta	Non sabe / Non contesta


Fonte Elaboración propia.



Radiografía das empresas do sector industrial e do sector da comunicación e do audiovisual

As actividades en que os servizos se externalizan en máis dun 50% son, por esta orde, *Asesoría e xestión de empresas*, *Limpeza* e *Mensaxaría*. Máis do 25% das empresas subcontratan os servizos de *Informática*, ademais doutros servizos entre os que destacan os *Recursos Humanos* e a *Mutua*. Nunha porcentaxe superior ao 90%, estes servizospréstanos empresas locais.

Gráfico 8: Actividades ou servizos externalizados



Fonte: elaboración propia.

As principais razóns argumentadas polos enquisados para externalizar algúna fase da súa actividade produtiva foron: porque lles permite reducir a man de obra, por dificultades de automatización, porque non dispoñen de espazo na súa sede, para optimizar custos, para unha maior especialización, porque aumenta a competitividade e mellora a eficiencia, porque lle permite á empresa responder con rapidez aos cambios do contorno, e porque lle permite á empresa posuír o mellor da tecnoloxía sen que precise formar persoal da organización para manexala.

I+D+I


A meirande parte das empresas enquisadas non realiza actividades de I+D+I. As que si as desenvolven representan o 24,46% do total. Se as diferenciamos por actividad, as empresas que máis invisten en I+D+I son, en primeiro lugar, (47) *Industria de papel e fabricación de artigos de papel; artes gráficas e edición*. En segundo lugar estarían as empresas de (31) *Fabricación de produtos metálicos (excepto máquinas e material de transporte)*. En terceiro lugar, cunha porcentaxe igualada, están as (41) *Industrias de produtos alimenticios e bebidas* e (96) *Servizos recreativos e culturais*.



Uso das TICs

En más do 50% das empresas, os equipamentos más implantados son os ordenadores de sobremesa, os aparatos de fax, a conexión a internet, a telefonía móvil, o servizo de correo electrónico, a centralita telefónica e a páxina web corporativa, por esta orde.

Gráfico 9: Porcentaxe de empresas que especificaron posuír os seguintes servizos ou equipamentos



Fonte. Elaboración propia.

Na maioría dos casos, as empresas acceden a internet a través de ADSL. Non obstante, unha porcentaxe alta do empresariado descoñece o tipo de acceso co que contan e a velocidade máxima de descarga.

O 89,19% das empresas teñen conexión a internet. Na meirande parte dos casos úsanla para obter información, enviar e recibir correo electrónico, obter servizos bancarios e financeiros, e interaccionar coas administracións públicas.

O 18,5% das empresas enquisadas manifestan realizar comercio electrónico. As motivacións máis esgrimidas están relacionadas coa competitividade da empresa e coa mellora da imaxe. O 81,5% non realizan comercio electrónico. As razóns argumentadas están relacionadas con aspectos do produto e da clientela. Aspectos como produtos inaxeitados que, ou non se poden comprar ou non se poden vender por comercio electrónico; a existencia de poucos clientes potenciais; clientes non preparados, ou prioridade na actual canle de vendas



O 53, 52% das empresas dispón de páxina web para dar a coñecer a súa imaxe e poder recibir suxestións. Para iso, contan con formularios específicos ou xenéricos que lles facilitan ás persoas visitantes contactar coa firma.

Os sistemas de seguridade a nivel informático máis empregados son o *software* de protección ou detección de virus. Existe na práctica totalidade de empresas. A continuación, sitúanse as claves de control de acceso (*password/login*), devasas, servidores seguros e copias de seguridade de datos *off-site*. Os menos empregados son o *software* de trazabilidade e o envío de cifrado de documentos (encriptación).



2. Problemas que presenta o tecido empresarial santiagués

Os problemas que presenta o tecido empresarial compostelán son múltiples. Máis da metade do empresariado coincide en que a principal dificultade coa que se atopan é a escaseza e os altos prezos do solo. Seguen a insuficiencia e conxestión das infraestruturas, redes viarias e comunicacións. En terceiro lugar, destacan a carencia de políticas industriais e de investimento en I+D+I e en sectores tecnolóxicos.

Gráfico 10: Problemas clave na competitividade das industrias santiaguesas



Fonte: elaboración propia.






3. Perspectivas de futuro

Co obxectivo de acadar un futuro máis favorábel, as empresas enquisadas propoñen distintas liñas de acción. As que máis citan están relacionadas coa creación de novos espazos produtivos e coa ordenación dos xa existentes. Reflicten directamente os problemas competitivos mencionados no punto anterior.

A meirande parte das empresas enquisadas apostan por unha redución no prezo do solo industrial, un incremento da súa oferta e áreas industriais adaptadas ás demandas empresariais. A continuación, nomean a mellora das infraestruturas e dos servizos non só dos polígonos industriais senón do resto do concello.


Gráfico 11: Liñas de acción más importantes reflectidas polas empresas relacionadas coa creación de novos espazos produtivos e coa reordenación dos xa existentes.



Fonte: elaboración propia.

O seguinte gráfico recolle as liñas de acción propostas para mellorar a competitividade dentro de cada actividade empresarial.



Gráfico 12: Liñas de acción propostas segundo a actividade empresarial.

Fonte: elaboración propia

Especificación (IAE) Imposto de Actividades Económicas. (Eixo X)

- (15) Produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente
- (16) Captación, tratamiento e distribución de auga e fabricación de xeo
- (23) Extracción de minerais non metálicos
- (24) Industrias de produtos minerais non metálicos
- (25) Industria química
 - (31) Fabricación de produtos metálicos (excepto máquinas e material de transporte)
 - (32) Construcción de maquinaria e equipamento mecánico
 - (33) Construcción de máquinas de oficina e ordenadores (incluída a súa instalación)
 - (35) Fabricación de material electrónico (excepto ordenadores)
 - (36) Construcción de vehículos automóbiles e as súas pezas de repuestos
 - (39) Fabricación de instrumentos de precisión, óptica e similares
- (41) Industrias de produtos alimenticios e bebidas
- (42) Industrias doutros produtos alimenticios, bebidas e tabacos
- (43) Industria téxtil
- (44) Industria do coiro
- (45) Industria do calzado e vestido e outras confeccións téxtils
- (46) Industrias da madeira, cortiza e mobles de madeira
- (47) Industria de papel e fabricación de artigos de papel; artes gráficas e edición
- (48) Industrias de transformación da cortiza e materias plásticas
- (49) Outras industrias manufactureiras
- (76) Telecomunicacións
- (85) aluguer de bens mobles
- (96) servizos recreativos e culturais

Dentro da actividade de (96) *Servizos recreativos e culturais*, as tres propostas con más forza para a mellora da actividade son: mellorar o tráfico e as infraestruturas de transporte (53, 84%), promover áreas para novas actividades, miniparques, viveiros, parques industriais (46, 15%) e mellorar as infraestruturas e servizos en áreas industriais (33, 33%).

Na actividade de (85) *Alugueiro de bens mobles*, representada por unha empresa auxiliar no campo do sector audiovisual, propoñen, por esta orde: o incremento da oferta do solo e áreas industriais adaptadas a demandas empresariais; a promoción de áreas para novas actividades, miniparques, viveiros, parques industriais; a redución do prezo do solo; a mellora do tráfico e as infraestruturas de transporte en Santiago e a mellora das infraestruturas e servizos das áreas industriais.

A empresa enquisada da actividade de (76) *Telecomunicacións* recalca únicamente a importancia da redución no prezo do solo.

O 80% do sector (49) *Outras industrias manufactureiras*, fai fincapé na redución do prezo do solo e un 60% na mellora do tráfico e as infraestruturas de transporte en Santiago, así como a promoción de áreas para novas actividades, miniparques, viveiros e parques industriais.

As (48) *Industrias de transformación da cortiza e materias plásticas* piden con porcentaxes iguais do 50%: o incremento da oferta do solo e áreas industriais adaptadas á demanda, á redución do prezo do solo e o incremento de axudas específicas para o sector.

As tres liñas de acción máis apoiadas pola (47) *Industria de papel e fabricación de artigos de papel; artes gráficas e edición* son, en primeiro lugar, cun 67, 44%, a redución do prezo do solo; en segundo lugar, cun 55, 81%, o incremento da oferta do solo e áreas industriais adaptadas á demanda; e en terceiro lugar, cun 44, 18%, estaría a opción de promover áreas para novas actividades, miniparques, viveiros e parques industriais.

As (46) *Industrias da madeira, cortiza e mobles de madeira* danlle maior importancia á redución do prezo do solo e ao incremento da súa oferta e a áreas industriais adaptadas á demanda. Ambas opcións teñen o apoio do 83, 33% das empresas enquisadas. A continuación, cun 66, 66% cada unha, sitúanse dúas propostas: rehabilitar, recualificar e reordenar espazos industriais existentes e promover áreas para novas actividades, como miniparques, viveiros e parques industriais.

Na (45) *Industria do calzado e vestido e outras confeccíons téxtils*, un 44, 44% das empresas enquisadas avoga pola promoción de áreas para novas actividades: miniparques, viveiros e parques industriais. A continuación, propoñen incrementar a oferta do solo e áreas industriais adaptadas a demandas empresariais, mellorar o tráfico e as infraestruturas de transporte en Santiago e promover parques tecnolóxicos e científicos na cidade. Estas últimas propostas contan cada unha cun 22, 22% de apoios.

Na (44) *Industria do coiro*, todas as empresas coinciden en afirmar que o máis importante é, por esta orde, incrementar a oferta do solo e áreas industriais adaptadas a demandas empresariais, restrinxir recualificacións, cambios de uso e avance de zonas residenciais sobre as áreas industriais e mellorar o tráfico e as infraestruturas de transporte no concello.

A (43) *Industria téxtil* propón rehabilitar, recualificar e reordenar os espazos industriais existentes, promover áreas para novas actividades (miniparques, viveiros e parques industriais), reducir o prezo do solo, mellorar o tráfico e as infraestruturas de transporte en Santiago de Compostela e mellorar as infraestruturas e servizos nas áreas industriais.

As (42) *Industrias doutros produtos alimenticios, bebidas e tabacos* destacan nun 100% a necesidade de incrementar a oferta do solo e áreas industriais adaptadas a demandas empresariais, reducir o prezo do solo xa existente, restrinxir recualificacións, cambios de uso e avance de zonas residenciais sobre as áreas industriais e promover áreas para novas actividades, como miniparques, viveiros e parques industriais.

Para as (41) *Industrias de produtos alimenticios e bebidas* as liñas de acción más importantes son: reducir o prezo do solo (88, 23%), incrementar a oferta do solo e áreas industriais adaptadas ás de-



mandas empresariais (76, 47%) e a mellora do tráfico e as infraestruturas de transporte en Santiago de Compostela (70, 58%).

Na (39) *Fabricación de instrumentos de precisión, óptica e similares*, un 66, 66% das empresas apoian a idea de reducir o prezo do solo, así como restrinxir recualificacións, cambios de uso e avance de zonas residenciais sobre as áreas industriais.

Na actividade da (36) *Construcción de vehículos automóbiles e as súas pezas de repuestos*, o 100% das empresas enquadradas destan que é preciso incrementar a oferta do solo e áreas industriais adaptadas ás demandas empresariais, reducir o prezo do solo xa existente, mellorar o tráfico e as infraestruturas de transporte en Santiago de Compostela, así como mellorar as infraestruturas e servizos das áreas industriais.

Na (35) *Fabricación de material electrónico (excepto ordenadores)*, as liñas que maior apoio reciben, cunha porcentaxe dun 50%, son: rehabilitar, recualificar e reordenar espazos industriais existentes, incrementar a oferta do solo e as áreas industriais adaptadas ás demandas empresariais, promover áreas para novas actividades (miniparques, viveiros, parques industriais) reducir o prezo do solo, mellorar o tráfico e as infraestruturas de transporte en Santiago de Compostela xunto coas infraestruturas e servizos en áreas industriais e promover parques científicos na cidade.

As empresas de (33) *Construcción de máquinas de oficina e ordenadores (incluída a súa instalación)* destan, na súa meirande parte, cun 66, 66%, a redución do prezo do solo e a mellora das infraestruturas e servizos en áreas industriais.

Na actividade de (32) *Construcción de maquinaria e equipamento mecánico*, un 75% das empresas destan dúas liñas de acción: incrementar as ofertas de solo e áreas industriais adaptadas ás demandas empresariais e mellorar o tráfico e as infraestruturas de transporte en Santiago.

35

Dentro da actividade (31) *Fabricación de produtos metálicos (excepto máquinas e material de transporte)*, as empresas enquadradas avogan, nun 71, 43%, pola redución do prezo do solo. O 62, 86% indican que habería que incrementar a oferta de solo e áreas industriais adaptadas ás demandas empresariais.

Na (25) *Industria química* existe consenso sobre o importante que sería a promoción de parques tecnolóxicos e científicos na cidade.

As (24) *Industrias de produtos minerais non metálicos* destan nun 88, 89% a importancia da redución do prezo do solo. A continuación, cun 77, 78% de apoios, sitúanse a mellora do tráfico e as infraestruturas de transporte en Santiago de Compostela.

Na actividade (23) *Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos; extracción de turba*, existe consenso entre os que apostan por incrementar a oferta do solo e áreas industriais adaptadas ás demandas empresariais, a promoción de áreas para novas actividades (miniparques, viveiros e parques industriais), a mellora do tráfico e as infraestruturas de transporte no concello e a dotación de servizos e infraestruturas a áreas industriais concretas.



4. Perfís críticos e mapa de competencias por sectores

Diagnóstico competencial e necesidades formativas

A continuación, realiza unha análise de cada un dos sectores obxecto deste estudo realizado pola empresa Fundación para la Formación Técnica en Máquina Herramienta

- Automoción
- Metal-mecánico
- Artes gráficas
- Servizos a empresas
- Madeira
- Electrónica e telecomunicacións
- Audiovisual
- Construcción metálica e derivados
- Comercial

4.1- Sector da automoción

37

A pesar de que canto ao número, representa un volume limitado respecto do conxunto de empresas situadas no concello de Santiago de Compostela, trátase dun sector con presenza de organizacións punteiras no seu ámbito de actividade e nicho de mercado.

